



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE ABRIL DO 2021

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. ASISTEN VIDECONFERENCIA: Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e corenta e catro minutos do día vinteseis de abril do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación se procede das actas de 23 de febreiro (extraordinaria) 29 e 31 de marzo de 2021.

Sometida a votación a aprobación das actas correspondentes as sesións de data 23 de febreiro (extraordinaria) e 29 e 31 de marzo, o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 do BNG), acorda prestar a súa aprobación

Punto núm. 2.- Dar conta da resolución 162/2021 modificación competencias/delegacións xenéricas especiais concelleiros-delegados.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía nº. 162/2021 de 6 de abril de 2021;

**MODIFICACIÓN NOMEAMENTO CONCELLEIROS-DELEGADOS CON
COMPETENCIAS/DELEGACIÓN XENÉRICAS-ESPECIAIS DE CONCELLEIROS DELEGADOS
efectuada por Resolución número 299/2019, de un de xullo de 2019**

Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión,





En base a razóns organizativas transcurrido un prazo prudencial que aconsella redistribuír competencias, en especial a relativa ó Medio Ambiente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.– Ó abeiro do que dispón o artigo 43.3 do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro, con facultades para dirixir e xestionar os servizos correspondentes, baixo a supervisión da Alcaldía, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

Suprimir a delegación xenérica referente ó **Medio Ambiente** efectuada a favor da **Concelleira-Delegación de Urbanismo, Equipamentos, Infraestructuras e Medio Ambiente**, quedando do seguinte xeito:

Dona Olimpia Marcos García: Concelleira-Delegada de Urbanismo, Equipamentos e Infraestructuras.

SEGUNDO.– Efectuar a favor da Concelleira que se cita a seguinte delegación especial, ó abeiro do que dispón o artigo 43.4 e 43.5 do ROF, con responsabilidade para a dirección interna e xestión de servizos, baixo a supervisión da Alcaldía, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

Dona Lucia Blanco García: Medio Ambiente.

Quedando dita Concellería coas seguintes competencias:

Dona Lucia Blanco García: Concelleira-Delegada de Turismo, Patrimonio, Emprendemento, Mobilidade e Medio Ambiente.

TERCEIRO.–Da presente Resolución darase coñecemento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este realice, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente Resolución, conforme se indica no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Alcalde,

O Secretario,

O Concello pleno dáse por enterado.

Punto núm. 3.- Dar conta do informe avaliación do cumprimento obxectivo estabilidade orzamentaria liquidación orzamento 2020.

Dáse conta do informe do secretario-interventor “Avaliación documprimento do obxrtivo de estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación da liquidación do orzamento 2020” de data 31 de marzo de 2021 do seguinte teor litoral:

AVALIACION DO CUMPRIMENTO DO OBXETIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA CON MOTIVO DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2020.





Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario-Interventor do Concello de Ares, en cumprimento do artigo 16 do Real decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locáis, así como o disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, informa o seguinte en relación co cumprimento da estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento **2020**.

I.- LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLXEO).

Orden ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF.

Guía para a comunicación da execución orzamentaria do 2º trimestre de 2013. Información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas na Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro. O dito documento publícase na Oficina Virtual de coordinación financeira con las Entidades Locais, polo que se materializan as obrigas de subministro de información, na súa versión OOe do 06/08/2013.

Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), en relación ao principio de estabilidade orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1)

Manual do cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais, publicado pola Intervención General de la Administración del Estado (IGAE), Ministerio de Economía y Hacienda.

Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da LOEOSF para corporacións locais, 2ª edición, IGAE.

Manual do SEC 95 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.

Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.

Regulamento 2516/2000 do Consello da Unión Europea.

II.- OBTIVO DE ESTABILIDADE ENTIDADES QUE COMPONEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS





A.- Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira ("corporacións locais" en Contabilidade Nacional):

Entidade Local: Concello de Ares.

Organismos Autónomos: Ningún.

Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Ningún.

B.- Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das entidades locais en virtude do artigo 2.2 da LOEOSF, entendendo o concepto ingreso comercial no termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).

Sociedade Mercantil: Ningunha.

DESCRIPCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TERMOS DE PRESUPOSTOS, E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.

Con carácter xeral, a totalidades dos ingresos e gastos non financeiros orzamentados, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas de contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiación do subsector de Corporacións Locais das Administracións Públicas da contabilidade nacional. As diferencias venen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

AXUSTES A REALIZAR EN INGRESOS Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos:

Para a realización dos axustes hase de considerar o Manual de cálculo del Déficit en Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales, publicado pola IGAE, Ministerio de Economía y Hacienda.

O axuste derivado da aplicación práctica do Regulamento (CE) N» 2516/2000 ven determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos pola Corporación Local e a recadación total en caixa correspondente a ditos ingresos, tanto de corrente como de exercicios pechados.

En concreto, os dereitos recoñecidos que se ven afectados por este axuste son os rexistrados nos capítulos seguintes:

- Capítulo 1 "Impostos directos"
- Capítulo 2 "Impostos indirectos"
- Capítulo 3 "Tasas e outros ingresos"

Se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, polo contrario, a contía dos dereitos recoñecidos é





inferior ó importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenca de valores, disminuirá o déficit en contabilidade nacional.

2020	DR	Recadación neta corren/pech ad.	Total cobros	Axuste
Capítulo 1	1.982.359,91		1.982.359,91	- 0,00
Capítulo 2	60.348,23		47.915,37	- 12.432,86
Capítulo 3	1.684.880,39		1.457.207,85	-227.672,54
	3.727.588,53		3.487.483,13	- 240.105,40

Capítulo 4 transferencias correntes.

Procede efectuar un axuste polos importes que se reintegraron ó Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondentes por importe de 0,00 €. en concepto de PTE.

Polo que, en conclusión, os axustes a realizar sobre os ingresos na liquidación do exercicio 2020, centranse en:

- 1.- Aplicar como criterio de caixa nos capítulos 1 a 3 de exercicio corrente, pola diferenca entre os dereitos recoñecidos no exercicio corrente e os cobros de corrente e pechados de ditos capítulos.
- 2.- Polo importe das devolucións efectuadas ó Estado derivadas das liquidacións negativas da PTE, 22.242,48 euros no capítulo 4.

Unha vez aplicados os axustes correspondentes, a situación final a efectos del cálculo de estabilidade, capítulos 1 a 7 quedaría como sigue;

Capítulos	DRN, corrente	Axuste	Total Cap. 1 a 7 axustado
Cap.1	1.982.359,91	- 0,00	1.982.359,91
Cap. 2	60.348,23	- 12.432,86	47.915,37
Cap.3	1.684.880,39	- 227.672,54	1.457.207,85
Cap.4	2.482.159,75	-22.242,48	2.459.917,27
Cap.5	50,07	0,00	50,07
Cap.6	0,00	0,00	0
Cap.7	642.782,01	0,00	642.782,01
Total cap. 1 a 7	6.852.580,36	-262.347,88	6.590.232,48

AXUSTES A REALIZAR EN GASTOS;

I.-Gastos realizados pendientes de aplicar ó orzamento (conta 413).





A conta 413 "Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servicios recibidos, para os que non se produciu a súa aplicación ó orzamento sendo procedente a mesma.

Estaríamos ante obrigas respecto das que, non habéndose dictado aínda o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, se derivan de bens e servicios efectivamente recibidos pola entidade.

O principio do devengo enuncíase con carácter xeral para o rexistro de calqueira fluxo económico e, en particular, para as obrigas. A aplicación deste principio implica o cómputo de calqueira gasto efectivamente realizado no déficit dunha unidade pública, con independencia do momento en que ten lugar a súa imputación orzamentaria.

No Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locáis, publicado pola IGAE, Ministerio de Economía y Hacienda, prevese que a aplicación práctica do principio mencionado anteriormente ven dada pola diferenza entre o saldo inicial da conta 413, e o saldo final, axustando á alza cando o saldo final sexa superior ou axustando á baixa cando o saldo final sexa inferior.

Saldo inicial conta 413	151.367,74
Saldo final conta 413	83.727,91
Axuste	67.639,83

2.- Axuste saldo conta pagos pendentes de aplicación.

Ademáis, procede efectuar un axuste polo importe do saldo da conta 555 por pagos pendentes de aplicación, momo maior gasto do exercicio por un importe de 63.723,84€.

TOTAL AXUSTE NETO GASTO:

Capítulo	Obrigas recoñecidas netas antes de axuste (€)	Axustes (€)	Total cap. 1-7 axustado (€)
Cap. 1-7	6.324.813,86	63.723,84+67.639,83 = 131.363,67	6.193.450,19
LIQUIDACIÓN 2020			
a) TOTAL INGRESOS CAPÍTULOS 1 A 7 AXUSTADOS		6.590.232,48 €	
b) TOTAL GASTOS CAPÍTULOS 1 A 7 AXUSTADOS		6.193.450,19 €	
c) CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN		396.782,29 €	

Superávit/déficit de financiación sobre ingresos non financeiros axustados = 6,02%

CONCLUSIÓN:





Conclúese, dos cálculos anteriores, a situación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC.

Ares a 30 de marzo de 2021

O Secretario-Interventor

O Concello Pleno dáse por enterado.

Punto núm. 4.- Proposta de modificación da ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras coa finalidade lucrativa para a suspensión da súa liquidación no exercizo 2021.

Dáse conta da proposta de “Modificación da ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras coa finalidade lucrativa para a suspensión da liquidación no exercizo 2021.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS COA FINALIDADE LUCRATIVA (28-12-1998 BOP Nº 296) PARA A SUSPENSIÓN DA SÚA LIQUIDACIÓN NO EXERCIZO 2021.

Como consecuencia da urxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, o Goberno de España declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo prorrogado polo Real Decreto 926/2020 de 25 de outubro debido á persistencia da mala situación epidemiolóxica.

O impacto que esta situación de excepcionalidade leva tempo afectando a determinados sectores, abriga ás Administracións Públicas, a adoptar aquelas medidas tendentes a paliar os efectos que está sufrindo a nosa sociedade ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID.

O Concello de Ares, tendo en conta o impacto e reclamo que na economía local ten a hostalería, sector do que existen case 60 establecementos abertos ao público, asumiu o seu papel de fomento da reactivación económica incluíndo, como unha das liñas de axuda ao sector, a suspensión da aplicación da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras coa finalidade lucrativa durante o ano 2020 para os titulares de locais que cumpran unha serie de condición, ademáis de axudas directas aos negocios afectados.

Tendo en conta que a situación de peches e restriccións intermitentes que se teñen declarado no sector hosteleiro *propónse de novo a incorporación da seguinte disposición adicional na ordenanza fiscal que establece a taxa en vigor:*

Por mor da pandemia derivada da COVID19 e as medidas excepcionais adoptadas en canto ás restriccións de apertura de establecementos hosteleiros, derivadas do estado de alarma decretado en España, e co ánimo de reactivar a economía local aresá polo que respecta a este importante sector, volve a suspenderse a liquidación desta taxa durante o ano 2021, para os





obligados tributarios que, solicitando a instalación de mesas e cadeiras para esta anualidade segundo a ordenanza reguladora correspondente, soliciten a suspensión da aplicación da taxa e cumbran os seguintes requisitos:

Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha microempresa ou pequena empresa.

A microempresa e as pequenas empresas son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

Que se atope nunha das seguintes situacións:

- Que a actividade que desenvolve se teña ou tivese visto afectada polo peche total ou parcial de establecementos ou restricións de afoto disposto nos Decretos ou Ordes publicados pola Consellaría de Sanidade ao longo do 2021.

Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda, no momento da presentación da instancia

Que o local de desenvolvemento da actividade se atopen no termo municipal de Ares e teñan concedida a correspondente licenza municipal de actividade.

A licenza de actividade deberá estar concedida no momento da presentación da solicitude, ou, en todo caso, antes do mes de novembro de 2021 como condición sine qua non.

Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e non contravir o regulado no art. 14 da nomeada lei, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas abrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS) e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)

Únicamente a efectos desta suspensión entenderáse que non se teñen débedas esixibles cando estea en vigor un plan de pagos aceptado por estas entidades estatais e autonómicas sobre as débedas que presente o solicitante e que éste se estea cumprindo.

Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude.

Non ter débedas esixibles co Concello de Ares. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude até a data do pagamento da subvención, no seu caso.

Únicamente a efectos desta suspensión entenderáse que non se teñen débedas esixibles cando estea en vigor un plan de pagos aceptado polo concello sobre as débedas que presente o solicitante e que éste se estea cumprindo.





O incumprimento palas persoas solicitantes dalgunha das condicións de outorgamento da instalación de terrazas (espazo ocupable, horario,...) poderá dar lugar á non aplicación desta suspensión da liquidación, previo informe da PolicíaLocal"

Sometida a votación a aprobación a **“Proposta de modificación da ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras coa finalidade lucrativa para a suspensión da súa liquidación no exercizo 2021”** Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 do BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 5.- Aprobación se procede do Regulamento interno de concesión de distincións.

Dáse conta da solicitude do Xefe da Policía Local “Reglamento interno de concesión de distincións” do seguinte teor literal:

ASUNTO: REGLAMENTO INTERNO DE CONCESIÓN DE DISTINCIONES

El Jefe de la Policía Local, por medio de la presente, expone:

La realización por los miembros de la Policía Local de Ares de acciones, servicios y méritos excepcionales, extraordinarios o dignos de ser reconocidos, así como el mantenimiento a lo largo de su vida profesional de una conducta ejemplar, debe ser objeto de reconocimiento por el Ilustrísimo Ayuntamiento de Ares, mediante la concesión de condecoración, honores y distinciones, que constituyen el reconocimiento al mérito en el cumplimiento del deber y su concesión es un acto de justicia para quien las recibe, un estímulo para el Cuerpo del que forma parte y un ejemplo para todos.

Todo ello sin perjuicio de las condecoración, distinciones, premios o recompensas que pudiesen ser otorgadas por el Gobierno Autonómico, otros Organismos o Instituciones o a otros miembros de cuerpos de Seguridad del Estado o Protección Civil, por acciones, méritos u otros de similar carácter dignos de ser reconocidos públicamente.

Por todo ello, SOLICITO:

Se de el visto bueno al Reglamento interno de conceción de distinciones del Cuerpo de la Policía Local de Ares.

Lo que se informa a los efectos que consideren oportunos.

Ares (A Coruña) a 23/03/2021

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que houbo un criterio de harmonización e de unificación sobre todo a partir da lei de coordinación de policía locais no sentido de que todos os concellos tiveran regulamentos similares e que non houbera grandes diferenzas, isto provocou a reforma de regulamentos en moitos concellos e nese sentido o concello de Ares a instancias do xefe da policía presentou esta proposta que xa foi a comisión e





que despois de comprobar a vixente noutros concellos vemos que son todas similares porque intentan unificar este ámbito.

Remata o Sr. Alcalde a súa intervención, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que cando se presentou este regulamento interno de concesións de distincións para a policía local quedamos sorprendidos, non entendíamos moi ben a súa redacción, logo vimos que efectivamente había regulamentos noutros concello, aínda así non coincidían co que nos puidemos comprobar co pouco tempo que tivemos polo tanto nós o que fixemos foi valorar na comisión unha alternativa, unha proposta de variación que podía ser máis acaída aos tempos actuais, a parte de que a redacción está en castelá e que debería estar en galego, hai outros puntos nos que nós non entendíamos como podían estar.

O voceiro do PP dixo que era bo darlle unha volta e comprobar outros regulamentos e incluso estudalos con máis detalle para poder tomar unha decisión, e o que se nos trae hoxe aquí logo de nós enviar a lei ou o decreto que regula este regulamento acabáenos de comunicar agora que unha das propostas que presentamos efectivamente está derogado porque a orden é posterior a ese regulamento, a orde de onde ten que emanar o regulamento era posterior, tráenos agora un regulamento que entendese que vai acorde con esa orde do 4 de novembro do ano 2009 pola que se desenvolve o artigo 95 do decreto 243 sobre as distincións da Policía Local de Galiza. Aínda así, nos vemos que segue sen coincidir o regulamento, o documento que presenta a Policía Local, non casa ca orde e na orde veñen especificados como veñen ser as medallas e as distincións, aí veñen os modelos con todas a súas características e no regulamento que presenta a Policía Local de Ares non coinciden, ao mellor ten outras cousas entón nós, o que pedimos é que este debate quede sobre da mesa para miralo ben porque tampouco coincide co de Pontevedra, o de Pontevedra parece ser que coincide coa orde de feito xa no encabezamento fai referencia ao decreto ao que se fai referencia polo tanto nós, pedímos un pouco de tempo porque ese regulamento non o poderíamos votar primeiro, porque consideramos que non está actualizado e segundo porque está en castelán e habería que traducilo ao galego.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que en principio o que falamos é coordinar con outros concellos, eu fixen a proposta do de Pontevedra pero despois de darlle moitas voltas cremos que isto é un pouco desmesurado para un concello de 5000 habitantes, está desfasado para un concello de estas características. Por outro lado valoramos ao resto do persoal, porque cada un ten que ter a súa responsabilidade e tamén poderían facerse estas valoracións.





Eu estiven da Deputación e no goberno municipal e todos os anos se lles facía unha conmemoración a cada traballador tanto pola xubilación como por algunha cousa destacada, creo que neste caso de non ter nada imos moi avanzados, eu o vexo ben nas grandes cidades porque hai máis actuacións, aquí temos dous policía locais, eu creo que non é o momento agora mesmo, eu son partidario de falar estas cousas cos traballadores e que isto implique un acordo de todo o persoal funcionario porque pode haber discriminación. A Policía Local dun tempo para aquí se lles está dotando de material, levan tanto material enriba que si lles cae unha moeda ao chan non son capaces de collela, esta situación nos queda grande e aparte dun gasto económico fala de traxes, medallas etc.... Nós de momento non estamos pola labor de facer isto e menos sen contar co resto do persoal funcionario, todos son funcionarios e teñen labores extraordinarias e de bo facer, de dispoñibilidade ou de algunhas cousas que hai que sacar adiante e que van en beneficio da cidadanía polo tanto, o noso grupo non o ve viable polo tanto imos a votar en contra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que en parte vémonos vinculados a esa determinación de harmonización de esta normativa que iniciase a través da lei de coordinacións locais, en todos os concellos están aprobando regulamentos como este porque efectivamente estes ámbitos están regulados na lei de coordinación e se deixan ao desenvolvemento da iniciativa municipal pero para non ter douscentos distintas intentase harmonizar, isto non significa que sexa inmediato pero isto está chamado a reflectirse nas follas de servizo, eu non sei si mañá un policía local de Ares queira ir para Ferrol ou ao contrario, pero si efectivamente nas súas follas de servizo non deixamos que consten determinados méritos que outros policía si van a ter porque teñen regulamentos que reflicten os seus méritos, é poñer aos nosos policía nunha situación de desfavor porque nas súas follas de servizo non poden constar os méritos que si se lles están recoñecendo a outros policía e que as están usando para promocións ou sexa, que eles mostran unha folla de servizo que un de Ares non pode ter, pois o que viu para Ares veu de Ferrol esa é a situación a cal nos leva a aprobar isto porque como comprenderedes nin nos vai nin nos ven este contido, pero é o contido que estamos vendo en todos os regulamentos, todos responde a esta finalidade, que consten nas follas de servizo, esa é a estrutura o resto dos funcionarios non teñen estas distincións, en ningún concello hai un regulamento de distintivos para os técnicos de urbanismo, ni para o persoal de servizos sociais, isto non o creamos nós isto vai dirixido para os policía en todos os concellos, nos concello onde goberna o PP, BNG, PSOE e independentes. As situacións nas que se ven os policía non son as mesmas que as que se ven detrás dun rexistro, fai dous anos cáelle un raio a unha familia nun catamarán e non morreu toda a familia de casualidade, a policía axudou a un médico que estaba alí pero o médico só podía atender a un e eran catro, mentres o médico atendía a un fóron os policía os que atendían aos demais, que o médico foi crucial si, pero que os auxiliares tiñan coñecementos de primeiros auxiliar tamén, porque o médico só podía atender a un de cada vez entón ben, eses auxiliares de policía, non recordo si había algún funcionario, non viron reflectido na folla de servizo un





acontecemento crucial e si estiveran noutra policía si o verían reflectido na súa folla de servizo.

Eu entendo que o resto dos traballadores non se atopan nesas tesituras de ter que facer entregas extraordinarias, os policías si, oxalá nunca teñan que facelo pero algún día darase o caso, a ningún funcionario se lle esixe que arrisque a súa vida pero a policía si polo tanto, imos a manter a regulación sen prexuízo de que algún día se modifique e se siga con este tema, traballouno o cabo, demostrounos que o seu contido era similar ao de outros concello gobernados por outros partidos políticos e sinceramente as vosas xustificacións non están debidamente xustificadas dende o meu punto de vista, porque o resto dos funcionarios non teñen eses cometidos, cando alguén diga pois mira neste punto quero que se diga isto pois o acollemos, pero non deixalo a esperas de si aparece un raio de luz que nos ilumine esa é a razón, un punto concreto, unha modificación concreta, agora a espera de ao mellor non, e en consecuencia si que imos a manter a aprobación deste tema, porque o cabo ten o seu interese e porque efectivamente lle corresponde porque é un policía e teñen estes méritos.

Remata o Sr. Alcalde, abre a segunda quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que a razón da proposta de que quede enriba da mesa é porque entendemos que un regulamento destas características deberá ser aprobado por unanimidade, nós non lle podemos dar a aprobación porque o regulamento que se presenta non está relacionado coa orde da que ten que emanar, porque na orde que ten que emanar de 4 de novembro veñen as placas, medallas e distincións e non son as que o regulamento presenta.

Interrompe o Sr. Alcalde sinalando que non entende.

Responde a Sra. Cadena Freire dicindo que non coinciden.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que hai moitas máis medallas no regulamento que presenta a policía local, na orde publicada no DOGA ven no anexos as placas, medallas e todo iso.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que ese regulamento é de medallas non de placas, porque temos que regular as placas, non temos porque facelo isto é só de medallas, eu creo que na orde veñen estas medallas porque isto está regrado.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non está a dicir iso, creo que o sacou doutro sitio ou doutra proposta derogada. Eu o que fixen na primeira intervención foi unha valoración técnica, porque non coincide a orde da cal debe emanar o regulamento, por esa razón eu pedía que quedara enriba da mesa pero agora, nesta segunda intervención en vista de que non hai de acordo para que quede sobre da mesa fago a valoración política.





A miña valoración política refírese sobre todo ao momento actual no que está a policía local, dun grupo de policía locais de dous membros un membro presenta este regulamento, non é unha cousa prioritaria a nivel pleno ou a nivel concello ou polo menos nós creemos que non é unha cuestión prioritaria pero si que entendemos que teñen dereito a presentalo pero nós temos o dereito a estudialo e a chegar a propoñer outras cousas ou cando menos un regulamento deste calibre aprobalo por unanimidade, que eu opino que é o que deba ser polo tanto, creemos que as prioridades da policía local deberán ser outras por exemplo, aumentar o cadro de persoal da policía local, iso si paréceme unha petición por parte da policía local que contaría co noso voto a favor.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que vai no orzamento e o voso voto foi en contra.

Continúa o Sr. Mesías Farías preguntando ao Sr. Alcalde si cree que o BNG está en contra dos administrativos, porque votamos en contra do orzamento e ía no orzamento.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que iso é a túa valoración, eu fago a miña, o BNG vota en contra de moitas cousas e logo non as votades e o vimos o outro día, moi importante era a obra do auga e tiña tanta urxencia e os levantastes do pleno e abandonastes, non coinciden as vosas afirmacións cos vosos feitos, iso é o único que digo é unha valoración que son libre de facer.

Continúa o Sr. Mesías Farías preguntando si cree que non están de acordo que se lle pague aos traballadores.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que o outra día nin opción porque inclusive poderíades votar en contra, pero abandonastes o pleno nun tema tan importante como é o do auga.

Intervén O Sr. Mesías Farías manifestando que si tan importante é hai que ter o respecto de convocalo en tempo e forma.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que os tempos os marca a deputación e si queremos facer esa obra antes do verán non pode ir con cargo ao POS que se aproba o 27 de xuño e o explicamos igual que as seis ou sete reunións que tivemos falando do préstamo porque ía no orzamento e cando chega o momento de aprobar o préstamos para facer as obras do auga abandonastes o pleno, a min que o voso voto sexa en contra ou abstención dáme igual, estades no voso dereito, pero iso é unha falta de respecto porque ese tema merecían, pero non é que se vote en contra senón que abandonastes.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías sinalando que o tema non é ese, de todas formas vostede sabe cal foi a razón do abandono porque xa o explicamos no pleno. O tema é este, non hai marcha atrás, pois o BNG entende que as necesidades son outras, entende que este regulamento non pode ir por as cousas que xa dixemos antes e polo tanto nós imos a ser consecuentes co que pensamos e efectivamente imos a votar en contra o cal parécenos que este tipo de regulamentos debería aprobarse por unanimidade.





Toma a palabra o Sr. Alcalde pedindo desculpas pola interrupción e sinalando que cada un se pode acoller ao seu argumento, e o argumento que se nos ocorre é que calquera esforzo con vosoutros non vale para nada e como estivemos moitas veces reuníndonos e explicando para obter calquera xeito con vosoutros e no o conseguimos, creemos que atrasar isto é para o mesmo, porque non imos a conseguir nada igualmente e como non o imos a conseguir pois atrasar isto para que ao final votedes en contra igual porque é a tónica do que está pasando, pois non imos a esperar máis por vosoutros porque sempre que esperamos non tivemos ningún xesto, outra cousa é que cambiaches o ton e o agradezo enormemente e entendo que as relacións nese sentido melloraron moitísimo e iso se agradece infinitamente, pero a hora da verdade para que imos a atrasar isto se non imos a conseguir o voso apoio e esa é a razón.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que quere facer unha puntualización sobre o accidente de Seselle, alí tamén acudiron voluntarios de protección civil que non cobran nada, incluso hai dous voluntarios que son persoal municipal o Coordinador e un oficial do servizo de auga que este último non cobra nada está é moito peor que a policía local, porque esta xente fai moitos esforzos e hai que valorala.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que cando hai algunha chamada do 112 os que van as incidencias somos eu e o coordinador.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que aí é onde quere chegar, esa xente está as 24h, se valoramos a policía local como non imos a valorar aos voluntarios.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que cando haxa un regulamento de voluntarios de protección civil pois haberá que traelo ao pleno para a súa aprobación.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernando manifestando que a nosa labor e mirar polo interese xeral de todo o persoal e neste caso pregúntalle ao Coordinador de Protección Civil cal é a súa opinión, iso é o que temos que mirar, para iso estamos aquí para facer as cousas o mellor que se poida mirar polos intereses xerais de todo o persoal e non discriminar a ninguén, porque é moi enfasiado que te esperten as catro da mañá por un cabalo ou que cae un árbore e os demais durmindo e ao final nin cobras nin te valoran e iso non pode ser.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que todos os anos celebrase o día do voluntariado para facerlles un recoñecemento porque non hai regulamento, e como non hai regulamento, ese recoñecemento non vai máis ala dun pequeno obsequio que pon o nome e a gratitude do Concello de Ares, pero non hai follas de servizo, pero non hai regulamento e diso nós non temos culpa, pero todos os anos no día do voluntariado realizase un acto onde se recoñece a entrega dos voluntarios de protección civil, ese acto implica a entrega dun pequeno obsequio e logo pois tomase un vino de confraternidade cuns pinchos e aí





recoñese a labor de protección civil e incluso de algún funcionario/a por facer o seu traballo e cobra todos os meses polo tanto, postos a ser quisquillosos esa é a realidade, pero que non haxa un regulamento de protección civil non é culpa deste concello porque non o hai en ningún sitio pero regulamentos para a policía local si que hai e iso non impida que se lle faga recoñecementos aos voluntarios de protección civil e que todos os anos os temos.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a agrupación de voluntarios ten un regulamento autonómico que é o Decreto 19/2019 do 21 de febreiro esta regulado igual que a policía local

Responde o Sr. Alcalde sinalando que non o hai, non hai distintivos, non hai regulamento o regulamento é para a policía local, non sei si se vai a usar, non sei si se lle dará algún distintivo a alguén, aquí hai distintivos regrados, os que son por cumprimento de anos pois haberá que darllo.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo lectura do Decreto 19/2019 do 21 de febreiro regulamento distintivos de protección civil.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que ese non é un regulamento municipal, é autonómico o da policía si delega aos concellos o regulamentos de distincións ese non, é algo que fai a Xunta, a Dirección Xeral de Emerxencias directamente a proposta incluso de agrupacións. Eu prefiro aprobar este regulamento e si hai que modificalo pois se modifica.

Sometida a votación a aprobación o **“Regulamento interno de concesión de distincións para a Policía Local”** Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) e 5 en contra (3 do PP e 2 do BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 6.- Dar conta do informe de secretaría “Dereito-obriga de relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas”

Dáse conta do informe de secretaria “Dereito e obriga de relacionarase electrónicamente coas administracións públicas” de data 16 de abril de 2021 que a continuación se transcribe:

DEREITO E OBRIGA DE RELACIONARSE ELÉTRONICAMENTE COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

Primeira. O artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC) prevé que: «en todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

As persoas xurídicas.





As entidades sen personalidade xurídica.

Quen exerzan una actividade profesional para a que se requira colegiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio de devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entender incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.

Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración.

Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración».

Neste sentido, hai que considerar que a obriga dos suxeitos indicados no epígrafe 2 do artigo 14 da LPAC de relacionarse electrónicamente coa Administración, no marco do procedemento administrativo, **é ex lege**, e non require do exercicio da potestade regulamentaria por parte da Administración, esixencia que se mantén unicamente para os suxeitos do epígrafe 3 do propio artigo 14 da LPAC, en termos similares ao artigo 27.6 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos (en diante, LAE), que queda derrogado.

Por tanto, as persoas xurídicas teñen obriga de relacionarse electronicamente coa Administración,

Segunda. Así pois, esta obriga nace **ope legis** sen necesidade de desenvolvemento regulamentario, e está en vigor desde a data de entrada en vigor da LPAC, polos seguintes motivos:

Porque a disposición final sétima da LPAC non demora a entrada en vigor deste precepto, como si fai respecto das previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamientos, o rexistro electrónico, o rexistro de empregados públicos habilitados, o punto de acceso xeral electrónico da Administración e o arquivo único electrónico, que producirán efectos aos dous anos da entrada en vigor da LPAC.

Porque o apartado 3 do citado precepto estipula que

«reglamentariamente, as Administracións poderán establecer a obriga de relacionarse con elas a través de medios electrónicos para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios». O que significa, a sensu contrario, que os suxeitos relacionados no apartado 2 do precepto (**entre os que se atopan as persoas xurídicas e polo tanto as Administracións Públicas**) están obrigados a relacionarse electrónicamente coa Administración sen que se precise norma regulamentaria de desenvolvemento que estableza tal obrigación, pois a mesma xa vén imposta pola Lei.





Os únicos suxeitos cuxa obriga de relacionarse electronicamente coa Administración nacerá das normas regulamentarias que se diten son os enumerados no apartado 3: colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios (por exemplo, os traballadores autónomos).

Porque, de acordo co artigo 14.2.a) da LPAC, o único que se difire á norma regulamentaria é a forma de relacionarse electrónicamente coa Administración, pero non a obriga, que deriva directamente da Lei.

E por iso, é perfectamente correcto que o Concello esixa que todos os documentos remitidos por ou enviados ás persoas xurídicas a esta ou desde esta Administración leven a cabo por medios electrónicos e non en papel.

Terceira. Se as persoas xurídicas presentan as súas solicitudes dirixidas ao Concello en papel en lugar de facelo electronicamente, procederase conforme indica o artigo 68.4 da LPAC

«Se algún dos suxeitos aos que fai referencia o artigo 14.2 e 14.3 presenta a súa solicitude presencialmente, as Administracións Públicas requirirán ao interesado para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en a que sexa realizada a emenda.»

Por tanto, o Concello requirirá a esta persoa xurídica para que emende a solicitude en papel, presentándoa electronicamente. E se non a emendase, terase por non presentada a solicitude en papel.

Por outra banda, todas as comunicacións e notificacións que o Concello realice a estas empresas deben ser electrónicas, xa que ao ser persoas xurídicas existe obrigación, como dixemos, de relacionarse electrónicamente coa Administración.

CONCLUSIÓN:

En virtude das consideracións xurídicas expostas, existe obriga de que todas as persoas xurídicas relaciónense electrónicamente coa Administración. Por este motivo, o Concello pode esixir a todas as empresas que presenten todos os documentos de forma electrónica, e non en papel.

Se algunha empresa presentara a súa solicitude de forma provisional o concello requiriralle segundo o artigo **68.4 da LPAC para que o faga** .electronicamente, contando como data de presentación a de a solicitude electrónica e non de papel. Se non se presentase electrónicamente pola persoa xurídica en cuestión, terase por non presentada a realizada en papel e non se tramitará o expediente correspondente.

O Concello deberá remitir así mesmo todas as notificacións e comunicacións ás empresas electrónicamente, debido a que están obrigadas a relacionarse desta forma coa Administración.





Finalmente cabe facer referencia a que unha **asociación de veciños**, nas súas relacións coa Administración para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, está obrigada legalmente a relacionarse electronicamente coa mesma, sendo irrelevante que non estea inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e que o Concello conte só coa a acta de nomeamento do Presidente, e que a mesma alegue ou manifieste que non dispón de medios electrónicos, pois esta obriga legal **non admite excepcións**.

Ares, a 16 de abril de 2021

O Secretario

O Concello pleno dáse por enterado.

Punto núm. 7.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 8.- Mocións-Propostas.

Non hai

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Non hai.

Punto núm.9.- Rogos e Preguntas

Intervén o Sr. Alcalde que sinalando que vai a proceder a informar sobre a situación do COVID 19 no municipio, non están aparecendo positivos, as probas do PCR están dando negativas, algunha da positiva pero non coa idea que tiñamos. O número de positivos de este brote estabilizouse, seguen sendo seis, e no seu entorno están dando case todos negativo co que en principio, salvo que haxa algún asintomático os datos son os que son, en quince días tense que ver, os datos son da semana pasada e en quince días terían que aparecer máis positivos, hoxe é luns quizás é moi pronto para falar porque aínda foi a semana pasada, ninguén está dando positivo e os rastreadores están en contacto con todos incluso cos núcleos familiares e para sorpresa de un deles toda a familia deu negativo excepto el., ou sexa que en principio as noticias son boas e os informes son favorables a falta efectivamente de doce días, pero de momento a situación está controlada e non aumentou o número de positivos ao respecto da semana pasada facéndose PCR moita xente.

Remata o Sr. Alcalde a súa intervención, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que quere facer un rogo referido ao estado da Rúa Anxos no tramo que vai dende a Porta do Sol ata o final, creemos que ese firme merece unha atención porque está bastante deteriorado polo tanto pedimos que se arranxe e que se valore ese tramo xa que soporta moito tráfico.





Responde o Sr. Alcalde dicindo que nese tramo non hai baches.

Toma a palabra a Sra. Marcos García manifestando que algún afundimentos, baches non, creo que é o saneamento.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que hai afundimentos e creo que é o auga ou o saneamento.

Responde a Sra. Marcos García sinalando que cree que é o saneamento, de todas formas vaise a abrir para a obra do auga que se está a licitar e veremos o que nos atopamos.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que é un dos tramos do auga que se vai a renovar, aproveitando que se vai a abrir xa o facemos.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando cal é a previsión.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o orzamento está aprobado, o préstamo xa se está a tramitar e esa obra vai con cargo ao préstamo, medio millón de euros vai para esa obra polo tanto non te pode dicir que sexa para xa pero para dentro de dous ou tres meses si.

Continúa o Sr. Mesías Farías manifestando que o na última comisión de turismo douse traslado do plan para a contratación de dúas persoas, por un importe de 12000€ pola deputación da Coruña, na mesma dicías que eran dúas persoas a xornada parcial, 5 meses, hoxe saíu a convocatoria e pon que son 4 meses e o 75% da xornada polo tanto, queríamos saber a que se debeu ese cambio de criterio.

Responde a Sra. Blanco García sinalando que foi un erro da Presidenta da Comisión que dixo que eran 5 meses cando eran 4.

Intervén a Sra. Barrón Ferro dicindo que foi un erro verbal.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías facendo referencia a última Comisión de Plan no que se tratou o tema de Montefaro se nos dixo que falaran con algunhas entidades e gustaríanos saber concretamente con que entidades se falou.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que de ese plan falouse simplemente co equipo redactor do que sería o contido, agora se pedirá información a entidades que realizan actuacións nese ámbito como por exemplo Bétula sería unha que está colaborando con nós en campañas, os Pulpeiros porque están a traballar con nós na apertura e conservación de rutas, os amigos de Santa Catalina que efectivamente habería que definir espazos de aparcadoiros alternativos unha vez que se impida o acceso de vehículos en determinados espazos, con esas tres asociacións son con as que estamos traballando man a man que son os que están implicados dalgunha maneira nese entorno, pero aínda estamos empezando co plan de usos. Que conste que con Bétula, coa Asociación de Amigos e cos Pulpeiros reunímonos constantemente temos unha relación por moitas outras cosas que esta de feito fai pouco tivemos aquí unha reunión da asociación de amigos con Bétula e con Pulpeiros pois constantemente porque están preparando o campionato de España enduro 2021 que vai a ser aquí.





Remata o Sr. Mesías Farías.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando pola praza de aparcadoiro reservada para correos, xa o dixemos fai dous meses e non se fixo nada. O mesmo pasa co aparcadoiro da farmacia nova que se quitaron para facer a beirarrúa e non se volveron a poñer.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que a praza de aparcadoiro para correos xa esta pintada pola parte de atrás e en canto as da farmacia nova serán pintadas esta semana.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que os porteiros do colexio están rotos, hai que arranxalos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa se cambiaron, xa esta arranxado.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando cales foron os criterios para a adxudicación do quiosco.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que nas bases veñen dous criterios, oferta económica e situación social, a situación social ten que vir acreditada con informe dos servizos sociais, ninguén presentou informe da súa situación socioeconómica polo que a valoración nese punto foi 0 para todas as solicitudes, entón valorouse exclusivamente a oferta económica e en consecuencia a máis alta, ofreceron 1600€, 2000€ e 3000€ e se lle adxudicou o que ofertou 3000€ porque ningún alegou circunstancias socioeconómicas eu creo que a que ofreceu 3000€ guiouse pola puxa do posto de mercado.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia a unha factura da Fundación Laboral da Construción por importe de 2200€.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que pode ser dunha factura do obradoiro de emprego, pola formación.

Intervén a Sra. Marcos García sinalando que é para a concesión da tarxeta profesional da construción.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia a tubaría do Petelo, ultimamente hai mareas moi baixar e desprende un ulir terrible a pregunta é si hai algunha maneira de solucionalo.

Responde o Sr. Alcalde aclarando que esa tubaría non é da EDAR é a antiga, e non podemos solucionar o problema porque realmente que facemos, a cortamos e deixamos as oito casas que están conectadas sen saneamento.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que ten que haber algunha casa que esta enganchada.





Responde o Sr. Alcalde dicindo que hai oito, eses son os cálculos polo que sae de aí, que ten que haber entre seis e oito pero ata levantar todas as rúas non podemos cerrar a conexión, porque son alcantarillados antigos se a tapas lles rebentas as tubarias, que ao mellor esa é a solución e cando lle salga todo polo baño saberemos que casas son e conectalas ao novo saneamento. O problema é que aí cando a Xunta aprobou o proxecto da depuradora e as conexións escapáronse unha serie de casas ao saneamento novo, anuláron o principal aquela tubaría onde estaba conectado todo o pobo e apareceu outra tubaría que por certo estaba enterrada co recheo de arena que se fixo e cando se fixeron as obras ninguén a detectou ata que viñeron unhas mareas e apareceu unha tebana, porque se no momento de facer a obra a viran seguramente que xa intentaban eles xestionar iso pero estaba enterrada por iso a veces vese o charco negro pero xa digo, son moi poucas casas e como xa estamos facendo o proxecto do porto e imos a levantar todas as rúas, segundo vaíamos levantando rúas xa imos vendo esas conexións, pero agora temos que invertir os cartos no auga, eses 500.000€ que vai para a auga eran para a execución do Porto pero temos o problema do auga en verán e temos que gastar un millón e pico de euros nun tema estacional, nun problema que temos un mes ao ano do 13 de xullo ao 20 de agosto, hai outras necesidades máis importantes e máis permanentes e que temos todo o ano pero que facemos, para todo non hai, non hai medio millón para o Porto e un millón trescentos para o auga, setecentos mil para Augas de Galicia e medio millón para renovar tubarias, o Porto 2021 de momento vaise a atrasar o podíamos facer este ano, no 2021 destinando cincocentos ou seiscentos mil euros ao Porto pero os temos que meter no auga pero ben, é un debate que xa tivemos moitas veces, estamos dispostos a gastar os cartos en aparcadoiros que só úsanse dous meses e atrasar problemas que nos afectan todo o ano porque non temos para todo, pois ese é o debate que hai estamos a gastar moitos cartos en temas estacionais, o aparcadoiro de Chanteiro cento e pico mil euros, dez meses ao ano baleiro pero que facemos, que os que veñen aquí non teñan auga os sábados e domingos pola mañá e si van a Chanteiro ou a Seselle e non teñen onde aparcar máis importantes son outras cousas pero non, priorizamos iso, priorizamos resolver o problema do auga que é un mes e o aparcadoiro en todas as praias e non temos no pobo, pero é así, si queredes abrimos un debate e falamos disto no próximo pleno e chagamos a un acordo todos, pero sen ese debate non temos cartos para Porto 2021, iso tense que atrasar porque vai todo para o auga.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que as chuvias provocaron un montón de baches nos camiños, creo que habería que facer unha revisión de camiños por parte dos técnicos e meterlle man porque xa son bastantes, deberíamos de empezar a actuar polo menos nos máis importantes.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que na próxima comisión de obras o concelleiro responsables explicaranos cal vai a ser o plan de actuación.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando ao Sr. Secretario porque se fixo de ese xeito a avaliación de cumprimento obxectivo estabilidade orzamentaria liquidación orzamento 2020.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que cando se fan os modificados de créditos extraordinarios con cargo a remanente sempre nos limita a cantidade, a verdade é que efectivamente seguimos sempre os seus criterios e hoxe efectivamente o saldo positivo é de trescentos mil euros a pesar de que se fixo un modificado de crédito por cento oitenta mil. El é moi conservador e moi precavido e a verdade é que non nos vai mal, pagamos todos os





créditos o montante está liquidado, temos capacidade de resistencia, o concello ten sempre medio millón de euros de liquidez que nunca tocamos e que está aí para calquera situación de emerxencia é unha regra de precaución ter ese medio millón de respaldo que case ningún concello o ten, iso non significa que deixemos de facer cousas, as imos facendo pero o ano que ben o que gastamos o volvemos a poñer e todos os un de xaneiro comezamos co medio millón en caixa polo tanto, son criterios de precaución orzamentaria que leva o secretario-interventor, nós aí si que somos moi cumpridores, el baixa o orzamento e nós di o que hai e nunca lle discutimos practicamente nada porque nos levou sempre a bo porto é dicir, aquí chegamos a deber cinco millóns de euros e agora só debemos un millón e pouco por iso pedimos dous millóns, porque temos marxe, chegamos a deber o 110% e agora estamos no 30% máis ou menos polo tanto, os criterios económicos os marca o interventor, o orzamento o baixa o secretario e a tesoureira e nós acomodámonos ao que nos di e si este ano fomos a un préstamo foi porque temos o do auga, e porque se suspenderon a regra fiscal en consecuencia efectivamente esta é a razón, non sei si o Sr. Secretario quere dicir algo máis.

Intervén o Sr. Secretario sinalando que efectivamente xestionouse con prudencia, e deu positivo.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde manifestando que sempre se xestionou con prudencia, a min ao principio enfastiábame porque sabía que había marxe pero efectivamente el é o interventor e eu tampouco quero forzar absolutamente nada pero sei que temos a tranquilidade de que a xestión orzamentaria vai ben e exclusivamente polo traballo do interventor e da tesoureira, hai trescentos mil euros que xa sobraron máis trescentos mil de este ano e medio millón pois é a nosa capacidade de resistencia e grazas a deus nunca tivemos que pedir préstamos en 14 anos de goberno que levamos, tres legislaturas e media sen pedir nada, porque o que pedimos foi para pagar a provedores e tivemos que devolve-lo, non pedimos nada para facer infraestrutura pública agora si, por primeira vez pedimos dous millóns para facer obras, antes o que pedimos foi para pagar a provedores e en 14 anos creo que é un bo indicio de que o interventor xestiona as contas co principio de precaución e de prevención moi ben e sen problema. O que está claro é que hai un debate que é o Porto, haber si este ano facemos un modificado de crédito para facer un tramo máis do Porto e si o ano que ven se volven a suspender as regras de gasto pois ao mellor pedimos medio millón para o Porto pero que é o que priorizamos, o auga e practicamente se lava un millón catrocentos mil euros dos dous millóns que pedimos e son moitos cartos, setecentos mil para o convenio de Augas de Galicia e cincocentos mil para renovar tubarías ou sexa un millón douscentos mil euros máis a compra dos terreos, redacción de proxecto etc...

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que eses cartos non os hai que dar por mal invertidos porque é unha obra fundamental que como mínimo ten unha duración de cincuenta anos, nós non imos a volver a ver obras de este tipo neste concello.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que a ese millón douscentos hai que sumarlle a compra de terreos, redacción de proxecto, depósitos de Simou, turbaría Cervás, en fin o que gastamos no auga son moitos cartos, moito máis que o que recadamos polo servizo de auga é dicir, deficitario totalmente porque o servizo de auga non cubre o que estamos gastando no auga, pero é o que nos tocou, cando esteo todas as obras feitas daquela si que cubrirá e o servizo de auga deixará de ser deficitario pero mentres teñamos que facer estas inversións sempre será negativo, imaxínate o saldo de este ano, un millón seiscentos mil de servizo hai que amortizar en anos, o servizo de auga é totalmente deficitario.





E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e cincuenta e tres minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

